



Concello de Oia

EXTRACTO BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DO CONCELLO DE OIA PARA A PROMOCIÓN DA NATALIDADE OU ADOPCIÓN E FOMENTO DO COMERCIO LOCAL

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DO CONCELLO DE OIA PARA A PROMOCIÓN DA NATALIDADE OU ADOPCIÓN E FOMENTO DO COMERCIO LOCAL

De conformidade co lo previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións .

OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto destas axudas axudar ás familias a sufragar parcialmente os custes derivados do nacemento ou adopción de nenos/as empadroados no Concello de Oia.

Tamén esta axuda económica ten por obxecto a axuda ao comercio local, polo que o gasto subvencionado ás familias ten que efectuarse en empresas radicadas no termo de Oia.

FINANCIAMENTO.

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 231.480.07 do orzamento municipal para o exercicio 2025, por importe máximo de 4.000,00 €.

BENEFICIARIOS.

Nenas e nenos **nados/as entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024**, que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que a persoa proxenitora solicitante teña a custodia do neno/a e toda a unidade familiar terá que estar **empadronada no Concello de Oia**, e no mesmo domicilio familiar, incluído o/a menor nacido/a.

Este requisito de empadramento tense que cumprir na data de nacemento do neno/a, e na data de presentación e de xustificación da axuda.

b) Cada neno/a dará dereito á presentación dunha única solicitude.

CONTÍA.

A contía é de 200 euros por nena/neno.

PRAZO DE SOLICITUDE:

Establécense o prazo **dun mes** para a solicitude de axuda, contado dende **a data de publicación do extracto da convocatoria no BOP de Pontevedra**

En Oia a 02/05/2025

Cristina Correa Pombal, Alcaldesa-Presidenta

